

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20

CENTRO: CMUS OURENSE
MATERIA: LINGUAXE MUSICAL
DEPARTAMENTO: DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL
DATA: 07/05/20

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Avaliación e cualificación.**
2. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
3. **Información e publicidade.**

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Durante o primeiro e segundo trimestre realizáronse probas obxectivas e exames parciais tal como reflicte a programación. Así mesmo, no terceiro trimestre utilizáronse exercicios escritos e prácticos de forma telemática.</p>
	<p>Instrumentos: 1- Observación da actitude do alumnado 2- Análise dos seus traballos de clase 3- A súa participación dentro das súas posibilidades 4- As probas específicas que se consideren necesarias</p>
Cualificación final	<p>A nota final será a media aritmética entre as catro partes e cada unha delas valerá a porcentaxe que se reflicte a continuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lectura rítmica: 30% - Entoación: 30% - Teoría: 20% - Desenvolvemento auditivo: 20% <p>A cualificación inferior a 3 en calquera dos seguintes apartados non permitirá o cálculo da media aritmética.</p> <p>Con carácter xeral, utilizarase a nota da última avaliación con formación presencial (2ª avaliación). Tódolos traballos e actividades do terceiro trimestre contribuirán ao reforzo ou ampliación da materia os cales, computarán sempre favorablemente, nunca de forma negativa cara a nota final do curso.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>O sistema de avaliación na convocatoria de setembro consistirá nunha proba na que o alumnado deberá acreditar o dominio da programación establecida ata o fin da segunda avaliación. Polo tanto, deberá examinarse das catro partes nas que están divididos os contidos: ritmo, entoación, audición e teoría.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Executar unha lectura dun fragmento rítmico atendendo ás indicacións da partitura. - Interpretar cancións a unha voz atendendo a tódolos signos de tempo, dinámica e carácter, cunha boa emisión do son, afinación, respiración e empaste. - Reproducir por escrito fragmentos rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos escoitados. - Aplicar os coñecementos teóricos adquiridos durante o curso a unha proba específica teórica-práctica.

Criterios de cualificación:

A nota final será a media aritmética entre as catro partes e cada unha delas valerá a porcentaxe que se reflicte a continuación:

- Lectura rítmica: 30%
- Entoación: 30%
- Teoría: 20%
- Desenvolvemento auditivo: 20%

A cualificación inferior a 3 en calquera dos seguintes apartados non permitirá o cálculo da media aritmética.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Durante o primeiro e segundo trimestre realizáronse probas obxectivas e exames parciais tal como reflicte a programación. Así mesmo, no terceiro trimestre utilizáronse exercicios escritos e prácticos de forma telemática.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Actividades rítmicas, de entoación, teóricas e auditivas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O alumnado realizará as clases a través de diversas ferramentas TIC tales como Google Classroom, Videoconferencia, Padlet, Centros net ou e-mail, Formularios Google... Realizaranse as distintas actividades que compoñen as catro partes da linguaxe musical utilizando en cada caso exercicios de repaso así como exercicios de reforzo ou ampliación atendendo ás características de cada alumno/a utilizando actividades interactivas: exercicios con educaplay, vídeos didácticos, edpuzzle...
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Libros de texto de Linguaxe Musical- Cds Entoación e Ritmo- Cds Ditados- Fichas de exercicios- Ordenador- Móbil- Tablet

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Centrosnet - Correo electrónico – Páxina web do centro
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.